



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 145
27 de maio de 2021



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

I 16290 - 13082 (11/PRE-003148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello da Rúa

[57366](#)

I 16289 - 13083 (11/PRE-003149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello da Veiga

[57368](#)

I 16294 - 13084 (11/PRE-003150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello da Arnoia

[57371](#)

I 16293 - 13085 (11/PRE-003151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Avión

[57373](#)

I 16309 - 13086 (11/PRE-003152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Beade

[57375](#)

I 16314 - 13087 (11/PRE-003153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina



Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Beariz [57377](#)

I 16308 - 13088 (11/PRE-003154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Boborás [57379](#)

I 16307 - 13089 (11/PRE-003155)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Carballeda de Avia [57381](#)

I 16306 - 13090 (11/PRE-003156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Carballeda de Valdeorras [57383](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Valedor do Pobo

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 24 de maio de 2021, polo que se modifica a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo [57361](#)

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros no Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de maio de 2021, pola que se admite a trámite a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero [57385](#)



A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 24 de maio de 2021, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 16290 - 13082 (11/PRE-003148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello da Rúa

- 16289 - 13083 (11/PRE-003149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello da Veiga

- 16294 - 13084 (11/PRE-003150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello da Arnoia

- 16293 - 13085 (11/PRE-003151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Avión

- 16309 - 13086 (11/PRE-003152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Beade



- 16314 - 13087 (11/PRE-003153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Beariz

- 16308 - 13088 (11/PRE-003154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Boborás

- 16307 - 13089 (11/PRE-003155)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Carballeda de Avia

- 16306 - 13090 (11/PRE-003156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Carballeda de Valdeorras

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Valedor do Pobo

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 24 de maio de 2021, polo que se modifica a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo

De conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, o persoal ao servizo do Valedor do Pobo depende orgánica, funcional e disciplinariamente da Valedora do Pobo e rexerase polas normas de réxime interior recollidas na súa disposición adicional e, con carácter supletorio, polo Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.



O cadro de persoal ou relación de postos de traballo, de acordo co dito artigo, será aprobado pola Mesa do Parlamento, por proposta da persoa titular da institución.

A relación de postos de traballo configúrase como o instrumento técnico a través do cal se leva a cabo a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo, segundo establece o artigo 19 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a súa denominación, situación na estrutura orgánica, forma de provisión, grupo, corpo e escala, nivel, complemento específico e requisitos para o seu desempeño. A planificación dos recursos humanos nas administracións públicas é un instrumento necesario para contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

A institución da Valedora do Pobo precisa, para o eficaz cumprimento das súas funcións, proverse de persoas cunha serie de coñecementos, habilidades, aptitudes e actitudes necesarios para o desenvolvemento das funcións que teñen asignados eses postos. Para cumprir con esta finalidade é necesario adecuar a relación de postos de traballo, para sumar o compoñente obxectivo das tarefas (posto) co subxectivo (requisitos de desempeño do ocupante) e acadar unha eficaz e eficiente prestación dos servizos públicos.

A relación de postos de traballo debe ser un instrumento dinámico que responda ás necesidades reais da institución en cada momento e, por tanto, susceptible de ser modificada para adaptarse ás exixencias que lle impón o deber de prestar de forma eficiente o exercicio da defensa dos dereitos dos cidadáns.

A modificación da relación de postos de traballo ten como finalidade adecuar o perfil dos postos ás necesidades da organización, catalogándose os postos en función da súa denominación, clasificación orgánica, forma de provisión, grupo, corpo ou escala de adscrición, nivel de complemento específico e requisitos para o seu desempeño.

A prohibición de incrementos dos créditos dedicados a persoal (capítulo I do orzamento de gastos) foi unha constante nas leis orzamentarias a partir do ano 2010 no marco das políticas de axuste orzamentario. Non obstante, ese obrigado cumprimento da limitación orzamentaria, co fin de conter o gasto público, debe harmonizarse coa necesaria prestación eficiente dos servizos públicos mediante unha ordenación adecuada dos recursos humanos; criterios estes que deberán observarse nas modificacións das relación de postos de traballo co fin de asegurar a eficaz prestación dos servizos.

Faise necesaria unha evolución e adaptación ás novas exixencias, en especial cara á inminente implantación da sede electrónica, rexistro electrónico, arquivo electrónico e sistema de tramitación electrónica dos procedementos na institución, que comporta necesariamente a reordenación dos efectivos para unha asunción eficiente e eficaz dun novo sistema de traballo.

As funcións de uxier, no control do tránsito interno da institución, acompañamento de persoas, asistencia ou auxilio durante a celebración de reunións ou actos protocolarios, asistencia telefónica ao cidadán, reprografía, repartición e traslado de correspondencia e apoio no arquivo, biblioteca e



almacéns, entre outras funcións, víronse reducidas sensiblemente nestes últimos tempos coa posta en marcha de presentación e remisión, tanto de queixas como de expedientes administrativos de contratación ou os relativos á Comisión de Transparencia de Galicia, a través de medios electrónicos, e coa xeneralización do uso do correo electrónico e presentación a través da web da institución. Estas funcións veranse aínda máis reducidas coa posta en marcha do sistema electrónico de tramitación e a entrada en funcionamento da sede, rexistro e arquivo electrónicos.

A estas funcións, na actualidade, estaba dedicado o persoal que ocupa os dous postos de uxier da institución e o posto de condutor-ordenanza. Considérase que as funcións anteriormente descritas poden ser desenvolvidas por un posto de uxier e a persoa que ocupa o posto de condutor-ordenanza, sen que sexa necesario manter o segundo posto de uxier.

Por outra banda, o traballo esencialmente administrativo de apoio ao persoal encargado da tramitación dos expedientes viuse nestes últimos dous anos incrementado, tanto polo número de expedientes como de consultas e atención telefónica aos cidadáns que acoden a esta institución.

Por todo o anterior, propónse a modificación da denominación e nivel de complemento de destino da praza núm. 18 de uxier da RPT, para a realización das funcións de auxiliar de apoio ao persoal asesor que se lle asigne. O posto pasaría a denominarse Unidade de Apoio II.

Dado que os dous postos de uxier que figuran na vixente relación de postos de traballo cos números 18 e 19 están cubertos, e que a modificación proposta implica unha importante modificación do contido e funcións que desenvolverá a persoa que o ocupe, o procedemento para elixir entre os dous postos idénticos cal deles se propón modificar foi o de ofertar a ambos os funcionarios tal posibilidade, para modificar a do funcionario que estivese interesado; no caso de que ambos estivesen interesados, baremaríanse os méritos de cada un conforme os criterios establecidos no punto 6.6.2 do Acordo do 8 de xullo de 2019, da Mesa do Parlamento de Galicia, polo que se convocan probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo administrativo e polo que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección. A dita baremación non foi necesaria dado que a persoa titular do posto núm. 18 estaba interesada en asumir as novas funcións e responsabilidades mentres que a persoa titular do posto núm. 19 non estaba interesada na modificación do seu posto de traballo.

Respecto da audiencia ao persoal, dado que na institución non está constituído un órgano de representación do persoal, a proposta de modificación foi comunicada a todo o persoal funcionario, como se fai habitualmente, e foi debatida en reunión mantida o día 3 de decembro de 2020, reunión na que o persoal manifestou a súa conformidade.

Tamén se informou as organizacións sindicais a través da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia. As organizacións sindicais máis representativas asinaron o correspondente acordo relativo á proposta.

As funcións do posto que se propón modificar son as mesmas que as que figuran no punto segundo do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 21 de xaneiro de 2020 (BOPG núm. 596, do 24 de xaneiro de 2020) para o posto de Unidade de Apoio (posto núm. 17), o que xustifica que ao posto que se propón modificar se lle asigne o mesmo complemento de destino (nivel 16).



Así mesmo, co fin de manter a coherencia na denominación dos postos, o posto núm. 17 , actual Unidade de Apoio, pasará a denominarse Unidade de Apoio I.

A asignación das mesmas funcións xustifica a modificación proposta, de xeito que o posto poida ser cuberto por persoal funcionario dos grupos D (auxiliar administrativo) ou E (subalterno), con complemento de destino de nivel 16 e conservando o complemento específico do seu posto.

Esta modificación da RPT responde, segundo se fundamenta, a necesidades de reorganización administrativa.

O incremento anual que supón de 843,92 euros --en tanto non está prevista no proxecto de orzamentos para o exercicio 2021— pode ser afrontado co crédito da vacante existente, cuxo proceso para a súa cobertura aínda está en fase de inicio.

Visto o informe proposta de modificación presentado pola persoa titular do Valedor do Pobo; vistos os informes dos Servizos Xurídicos e da Intervención do Parlamento de Galicia, a Mesa, conforme o disposto no artigo 10.2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Modifícase a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo nos termos seguintes:

Orde	Unidade orgánica	Denominación	Nivel	Complemento. específico (C/ano)	Grupo	Corpo	Tipo de posto	Forma provisión	Observacións
18	Servizos Adm- vos.	Unidade de Apoio II	16	16.639,42	D/E	Auxiliar/Subalterno	N	C	Persoal funcio- nario

2. Cámbiase a denominación do posto número 17, que actualmente se denomina Unidade de Apoio e pasa a denominarse Unidade de Apoio I.

3. Asígnanselle ao posto Unidade de Apoio II as funcións seguintes:

— A prestación de funcións de asistencia administrativa á Secretaría Xeral e á Coordinación da Institución da Valedora do Pobo.

— A asistencia e apoio administrativo na elaboración, seguimento e ordenación dos expedientes de queixas.

— O apoio administrativo na xestión e alimentación dos sistemas de tramitación de expedientes e bases de datos da Valedoría do Pobo.

— A colaboración na recompilación e ordenación de información e elaboración de documentación derivada da actividade da institución.

— A colaboración na alimentación e explotación das fontes documentais da institución.



— Traballos de edición e transcripción.

— Alimentación e consulta das bases de datos da institución.

— A actualización e consulta dos contidos da páxina web da Valedora do Pobo.

— Aquelas funcións propias da súa categoría profesional que lle sexan encomendadas polos superiores xerárquicos en atención ao grao de especificidade, dificultade técnica, responsabilidade ou demais condicións particulares dos postos que en cada caso ocupen, e que determinaron a súa configuración na relación de postos de traballo.

— Aquelas funcións que, sendo análogas ás anteriores ou tendo carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das funcións da institución, lle sexan asignadas.

Segundo. Este acordo de modificación producirá efectos desde o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros no Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de maio de 2021, pola que se admite a trámite a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Advertido un erro no citado acordo, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento* número 144, fascículo 1, do 26 de maio, por omisión da publicación do texto da proposición de lei, procédese á súa corrección mediante a publicación do citado texto [16419 (11/PPL-000007)].

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2021
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 12:30:53
Nº Rexistro: 16290

Data envío: 19/05/2021 12:30:53.688

Data 19/05/2021 12:30

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13082**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero , sobre “ **os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello da Rúa**”, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación á pregunta que se formula, infórmase de que Augas de Galicia asinou en 2016 un convenio de colaboración, por importe global de 150.000 euros, co Consorcio de Augas Valdeorras do que forma parte o concello ao que se fai referencia na iniciativa. No ano 2020 asinou un novo convenio co Consorcio de Augas de Valdeorras por importe global de 421.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 12:30:53
Nº Rexistro: 16290
Data envío: 19/05/2021 12:30:53.688

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/05/2021 12:30:50

CSV: BOPGDSPGq4UtiqS6Y6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 12:30:44
Nº Rexistro: 16289
Data envío: 19/05/2021 12:30:44.047
Data 19/05/2021 12:30

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13083**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo o utorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello da Veiga”**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta que se formula na iniciativa, a Axencia Galega de Infraestruturas, subscribiu, en 2018 e por importe de arredor de 272.000 euros, un convenio de colaboración en materia de seguridade viaria co concello que se menciona na iniciativa.

En 2009, Augas de Galicia concedeu ao concello que se menciona na iniciativa unha subvención, en réxime de concorrencia competitiva, para a redacción do plan de emerxencia ante situacións de seca por importe de 15.000 euros. Augas de Galicia asinou tamén con este concello convenios de colaboración: un en 2016, por importe de arredor de 81.000 euros, para melloras no abastecemento e no saneamento en núcleos rurais do municipio; en 2017 para melloras no depósito municipal de abastecemento por importe de 37.000 euros, e outro en 2018, de 39.000 euros, para a execución dun depósito de auga potable para o abastecemento do núcleo de Baños.

Augas de Galicia asinou tamén en 2016 un convenio de colaboración, por importe global de 150.000 euros, co Consorcio de Augas Valdeorras do que forma parte o concello ao que se fai referencia na iniciativa. No ano 2020 asinou un novo convenio co Consorcio de Augas de Valdeorras por importe global de 421.000 euros.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 12:30:44
Nº Rexistro: 16289
Data envío: 19/05/2021 12:30:44.047

Este Concello tamén se beneficiou de axudas indirectas concedidas por Augas de Galicia ao Consorcio de Augas de Valdeorras. Trátase dos convenios para a xestión do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais na comarca de Valdeorras, asinado en 2016 por importe de 150.000 euros, e para o financiamento do déficit de explotación do Consorcio de Valdeorras, subscrito en 2020 por importe de 421.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 12:30:44
Nº Rexistro: 16289
Data envío: 19/05/2021 12:30:44.047

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/05/2021 12:30:39

CSV: BOPGDSPGq4UtiqS6Y6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 12:32:01
Nº Rexistro: 16294
Data envío: 19/05/2021 12:32:01.875
Data 19/05/2021 12:31

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13084**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo o utorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello da Arnoia”**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta que se formula, infórmase de que Augas de Galicia asinou en 2016 co concello ao que se fai referencia na iniciativa un convenio de colaboración en materia de abastecemento por importe de 175.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 12:32:01
Nº Rexistro: 16294
Data envío: 19/05/2021 12:32:01.875

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/05/2021 12:31:58

CSV: BOPGDSPGq4UtiqS6Y6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 12:31:53
Nº Rexistro: 16293
Data envío: 19/05/2021 12:31:53.938
Data 19/05/2021 12:31

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13085**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo o utorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Avión”**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“ A pregunta que se formula, infórmase de que en 2019 o concello ao que se fai referencia na iniciativa beneficiouse dunha subvención, por concorrencia competitiva, destinada á redacción de plans de emerxencia ante a situación de seca por importe de algo máis de 9.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 12:31:53
Nº Rexistro: 16293
Data envío: 19/05/2021 12:31:53.938

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/05/2021 12:31:50

CSV: BOPGDSPGq4UniqS6Y6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 13:31:13
Nº Rexistro: 16309
Data envío: 19/05/2021 13:31:13.344
Data 19/05/2021 13:31

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13086**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre “ **os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Beade**”, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non subscribiu ningún convenio co concello ao que se fai referencia na iniciativa durante as anualidades sinaladas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 13:31:13
Nº Rexistro: 16309
Data envío: 19/05/2021 13:31:13.344

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/05/2021 13:31:09

CSV: BOPGDSPGq4UniqS6Y6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 16:30:46
Nº Rexistro: 16314
Data envío: 19/05/2021 16:30:46.453
Data 19/05/2021 16:30

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13087**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Beariz ”**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta que se formula, infórmase de que a Axencia Galega de Infraestruturas subscribiu, en 2019, un convenio en materia de seguridade viaria por importe de arredor de 55.000 euros co concello ao que se fai referencia na iniciativa.

En 2017, Augas de Galicia asinou un convenio de colaboración con este concello para unha captación de auga por importe de arredor de 28.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 16:30:46
Nº Rexistro: 16314
Data envío: 19/05/2021 16:30:46.453

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/05/2021 16:30:41

CSV: BOPGDSPGq4UniqS6Y6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 13:30:41
Nº Rexistro: 16308
Data envío: 19/05/2021 13:30:41.625
Data 19/05/2021 13:30

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13088**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Boborás”**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Infórmase que, en 2019, a Axencia Galega de Infraestruturas asinou un convenio de colaboración co concello que se menciona na iniciativa para a redacción do proxecto de construción dunha senda peonil na OU-214 por importe de máis de 200.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 13:30:41
Nº Rexistro: 16308
Data envío: 19/05/2021 13:30:41.625

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/05/2021 13:30:37

CSV: BOPGDSPGq4UtiqS6Y6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 13:30:32
Nº Rexistro: 16307
Data envío: 19/05/2021 13:30:32.547
Data 19/05/2021 13:30

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13089**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre “ **os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Carballeda de Avia**”, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non subscribiu ningún convenio de colaboración co concello ao que se fai referencia na iniciativa durante as anualidades sinaladas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 13:30:32
Nº Rexistro: 16307
Data envío: 19/05/2021 13:30:32.547

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/05/2021 13:30:27

CSV: BOPGDSPGq4UtiqS6Y6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 13:30:21
Nº Rexistro: 16306
Data envío: 19/05/2021 13:30:21.313
Data 19/05/2021 13:30

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13090**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Carballeda de Valdeorras ”**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Infórmase de que Augas de Galicia asinou en 2016 un convenio de colaboración, por importe global de 150.000 euros, co Consorcio de Augas Valdeorras do que forma parte o concello ao que se fai referencia na iniciativa. No ano 2020 asinou un novo convenio co Consorcio de Augas de Valdeorras por importe global de 421.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 13:30:21
Nº Rexistro: 16306
Data envío: 19/05/2021 13:30:21.313

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/05/2021 13:30:10

CSV: BOPGDSPGq4UtiqS6Y6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia de xénero ten múltiples formas de manifestarse e cos avances nas novas tecnoloxías e sobre todo dende 2009, data na que Internet pasou a ser un contexto vital, se teñen incrementado as denuncias sobre violencia de control, ameazas ou violencia psicolóxica a través de teléfonos móbiles e outros dispositivos dixitais.

Resulta necesario definir o concepto de cibercriminalidade e de forma específica a que se exerce sobre a muller xa que nos últimos tempos aumentou o control da vítima a través das redes sociais, dos dispositivos dixitais e fundamentalmente do teléfono móbil. Non se inclúen nestas actuacións aquelas ferramentas de control parental que cumpran coa lexislación vixente destinadas á protección e seguridade das persoas menores de idade. Son novas formas de violencia de xénero que están xurdindo como consecuencia da aparición e desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e a comunicación. Trátase dunha nova forma de violencia de xénero que está afectando fundamentalmente ás mulleres máis novas; os datos amosan que o ciberacoso ten unha incidencia maior na adolescencia e por tanto convértese na idade de maior vulnerabilidade.

A violencia de xénero dixital engloba todas estas condutas de violencia de xénero que se exercen a través das novas tecnoloxías, das redes sociais ou de Internet. Accións moi comúns nos últimos tempos como a distribución na rede de imaxes ou datos

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



comprometidos de contido sexual; usurpación da identidade da vítima ou creación de perfís falsos para desprestixiar á vítima; dar de alta o correo electrónico da vítima en sitios web para estigmatizala ou ridiculizala; acceder dixitalmente ao ordenador da vítima para controlar as súas comunicacións con terceiros; control do dispositivo móbil e as súas comunicacións; son exemplos da facilidade que ten Internet para alcanzar a unha muller vítima de violencia de xénero sen necesidade de ter contacto físico con ella.

O primeiro informe de avaliación do Grupo de Expertos na loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia doméstica (GREVIO) sobre as medidas legislativas e doutra índole que dan efecto ás disposicións do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a Violencia contra as Mulleres e a Violencia Doméstica (Convenio de Estambul), detectou carencias e retos que teñen que guiar a acción política nos próximos anos para poder dar pleno cumprimento ao Convenio, fundamentalmente co que ten que ver coa abordaxe integral de todas as formas e manifestacións da violencia contra as mulleres incluídas no Convenio. Expresamente anima ás autoridades do noso país a continuar cos esforzos de sensibilización en torno á violencia contra as mulleres e a que a súa implementación inclúa todas as formas de violencia contempladas polo Convenio de Estambul, en particular a violencia dixital, entre outras.

No seo da Comisión de Igualdade do Congreso dos Deputados, na súa sesión do 30 de novembro de 2016, acordouse a creación dunha Subcomisión cuxo obxecto era elaborar un informe no que se identificarían e analizarían os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero e que, unha vez escoitadas as persoas expertas designadas polos grupos parlamentarios, faría unha



serie de propostas de actuación que incluírían especificamente as principais reformas que deberán acometerse para dar cumprimento efectivo a tal fin.

Tanto os informes emitidos, como as persoas expertas na materia que compareceron na Subcomisión creada para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, coinciden en concluir que as novas tecnoloxías normalizan a violencia, en moitos casos ante a inconsciencia da xente moza que non a identifica como tal.

A proposta de actuación número 91 de dito Informe recomenda “Perfeccionar a tipificación dos delitos no ámbito dixital”.

O Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero establece na medida 102 a obriga de ampliar o concepto de violencia de xénero a todos os tipos de violencia contra as mulleres contidos no Convenio de Estambul e inclúe na medida 109 a necesidade de perfeccionar a tipificación dos delitos no ámbito dixital; ou a 112 que promove non considerar as injurias e calumnias a través das redes sociais no ámbito da violencia de xénero como únicamente un delito leve.

Todas estas cuestións fan precisa a modificación da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que no seu artigo 3 establece as formas de violencia de xénero que permiten o recoñecemento de vítimas a aquelas mulleres que sofren algunha das formas descritas, o que lles outorgará a protección establecida lexislativamente así como das axudas ás que teñen dereito como tales e a poder acceder ao estatuto da vítima de violencia de xénero.

Resulta imprescindible definir a violencia de xénero dixital non só para identificar ás vítimas e poñer a súa disposición todos os recursos precisos para a súa atención senón que temos que ser capaces de poñer en marcha políticas de prevención da



“sextorsión” (“sexting”) o “ciberbulling”, o “grooming” ou o ciberacoso e abuso sexual a menores de idade, que permitan identificar neste ámbito con antelación conductas e fenómenos emerxentes e previr a violencia de xénero dixital.

Artigo único.

Modificación da *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*

A *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero* queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra g) do artigo 3, coa seguinte redacción:

g) Violencia de xénero dixital, que inclúe aquelas conductas de violencia de xénero que se exercen a través das novas tecnoloxías, do correo electrónico, Internet, sistemas de mensaxería dixital ou das redes sociais, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, ou análoga de afectividade no presente ou no pasado ou a de parentesco coa vítima; de forma sostida e repetida no tempo, coa única finalidade de discriminación, dominación, control e intromisión sen consentimento na privacidade da vítima.

Igualmente, terán a consideración de actos de violencia dixital contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar, social, profesional ou académico.

Se exceptúan as ferramentas de control parental que cumpran coa lexislación vixente destinadas á protección e seguridade das persoas menores de idade.

Dous. A redacción actual da letra g) pasa a ser a letra h) que queda redactada como segue:

h) Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.

Disposición adicional única. Entrada en vigor



A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa
Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na presente lei.

Santiago de Compostela, 22 de maio do 2021.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Nuñez Feijóo na data 21/05/2021 22:38:57

Paula Prado del Río na data 21/05/2021 22:39:40

Pedro Puy Fraga na data 21/05/2021 22:40:01

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 21/05/2021 22:40:15

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/05/2021 22:40:42

María Elena Candia López na data 21/05/2021 22:40:53

Diego Calvo Pouso na data 21/05/2021 22:45:09

Manuel Santos Costa na data 21/05/2021 22:45:21

María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/05/2021 22:45:31

Ana Belén García Vidal na data 21/05/2021 22:45:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 21/05/2021 22:45:49

José Luis Ferro Iglesias na data 21/05/2021 22:45:58

Teresa Egerique Mosquera na data 21/05/2021 22:46:08

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/05/2021 22:46:18

José Alberto Pazos Couñago na data 21/05/2021 22:46:27

Valeriano Martínez García na data 21/05/2021 22:46:38

Román Rodríguez González na data 21/05/2021 22:47:21

María Corina Porro Martínez na data 21/05/2021 22:47:32

María Sol Díaz Mouteira na data 21/05/2021 22:47:45

José Manuel Balseiro Orol na data 21/05/2021 22:47:58

Ovidio Rodeiro Tato na data 21/05/2021 22:48:08

Carmen María Pomar Tojo na data 21/05/2021 22:48:19

Fabiola García Martínez na data 21/05/2021 22:48:30

Ethel María Vázquez Mourelle na data 21/05/2021 22:48:42

María Ángeles Vázquez Mejuto na data 21/05/2021 22:48:54

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/05/2021 22:49:07

María Guadalupe Murillo Solís na data 21/05/2021 22:49:19

Alfonso Rueda Valenzuela na data 21/05/2021 22:49:34

José Antonio Armada Pérez na data 21/05/2021 22:49:52

Noelia Pérez López na data 21/05/2021 22:50:06

Marta Nóvoa Iglesias na data 21/05/2021 22:50:19

José González Vázquez na data 21/05/2021 22:50:34

Daniel Vega Pérez na data 21/05/2021 22:50:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Encarnación Amigo Díaz na data 21/05/2021 22:51:03

Sandra Vázquez Domínguez na data 21/05/2021 22:51:16

Ramón Carballo Páez na data 21/05/2021 22:51:27

Raquel Arias Rodríguez na data 21/05/2021 22:52:01

Cristina Sanz Arias na data 21/05/2021 22:52:17

Francisco José Conde López na data 21/05/2021 22:52:32

Borja Vereá Fraiz na data 21/05/2021 22:52:43

Rosa María Quintana Carballo na data 21/05/2021 22:52:58

José Manuel Rey Varela na data 21/05/2021 22:53:13


Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

